



## Eugenio Martínez Abad gaña o Campionato Provincial de A Coruña de Rastro de Coello

O pasado 27 de setembro disputábase no Tecor "Urogallo" de Ferrol o Campionato Provincial de A Coruña de Cans de Rastro sobre Coello, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade de Cazadores "Urogallo".

Participaban na proba un total de 17 lotes, sendo finalmente Eugenio Martínez Abad o vencedor da proba co lote formado por Pachín, Pichón, Pin e Ton que acadou 529 puntos. Segundo foi Rafael Rodríguez Ures que acadaba 493 puntos con Rin, Ron, Ru e Black; e no terceiro posto remataba José Ramón Calvo Suárez con Dado, Mina, Mendi e Telma e 432 puntos.



O premio ao mellor can era para Ton, conducido por Eugenio Martínez Abad.

Pos.	Participante	Lote	Puntos
1º	Eugenio Martínez Abad	Pachín / Pichón / Pin / Ton	529
2º	Rafael Rodríguez Ures	Rin / Ron / Ru / Black	493
3º	José Ramón Calvo Suárez	Dado / Mina / Mendi / Telma	432
4º	Juan Formoso Raposo	Berta / Sarna / Turín / Perla	431
5º	Luis M. Veiga Vázquez	Cora / Nica / Malla / Nela	354

### Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)